

Código da convocatoria: 082/2024

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, pola presente Resolución procédese ao nomeamento do Tribunal de Selección que se ocupará da valoración e do baremo de méritos das persoas aspirantes.

O Tribunal estará formado polos seguintes membros:

- Presidencia: Rafael López López
- Secretaría: Ángel Díaz Lagares
- Vogal: Gloria García López

Este Tribunal realizará as seguintes funcións dentro do procedemento da convocatoria:

1. Avaliación dos méritos académicos e profesionais das persoas candidatas, valorando a adecuación do perfil aos requisitos e obxectivos da convocatoria.
2. No caso de ser pertinente, poderá realizar entrevistas persoais aos aspirantes para poder facer a avaliación e baremo dos méritos.
3. Sinatura da acta de resolución final, tras a realización das entrevistas aos aspirantes que pasen á segunda fase.
4. Traslado á Dirección da Fundación das decisións adoptadas.

O Tribunal actuará con total independencia e transparencia, asegurando un proceso de selección rigoroso e que garante o cumprimento das bases da convocatoria.

En Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2024

Isabel Lista García

Directora

Fundación Pública Galega Instituto de
Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)